

de información pública que durará vinte días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste edito no BOP, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a dispor do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expediente 29.877/422).

Vigo, a 13 de setembro de 2005.—O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, José Manuel Figueroa Vila. 2005008423

### EDICTO

Viguesa de Patrimonio y Administración, S.L., solicitou da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo a licenza de actividade e instalación para centro polivalente (ciruxía, ortopedia, traumatoloxía e radiodiagnóstico), que se situará en Ballesta (rúa) nº 4 (Vigo).

De acordo co artigo 30.2, letra a), do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D. 2414/61, de 30 de novembro), en relación co 86 da Lei estatal 30/92, ábrese un período de información pública que durará vinte días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste edito no BOP, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a dispor do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expediente 29.927/422).

Vigo, a 13 de setembro de 2005.—O Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, José Manuel Figueroa Vila. 2005008422

\* \* \*

### SALCEDA DE CASELAS

### EDICTO

Aprobada inicialmente polo pleno da Corporación Municipal a Ordenanza reguladora de Taxa por expedición de documentos administrativos e posterior publicación no BOP nº 145, de 29 de xullo, para súa exposición ó público polo prazo de trinta días, ó non terse presentado ningunha reclamación á mesma, procedéndose a publicación íntegra da mesma.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso administrativo a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de acordo coas normas reguladoras de dita xurisdicción.

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

#### ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20.4.i) do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e o disposto no citado Texto refundido.

#### ARTIGO 2º.—FEITO IMPONIBLE

1.—Constitúe o feito imponible da taxa de actividade administrativa desenroladacon motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedentes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.

2.—Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesada.

3.—Non estarán suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos ou expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais non estarán sometidos a esta Taxa, como tampouco as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións de calquera clase e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia do Concello.

#### ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou que teña un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

#### ARTIGO 4º.—RESPONSABLES TRIBUTARIOS.

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42.c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

#### ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria detremínase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de conformidade coas seguintes tarifas:

- Certificado de empadronamiento ou sobre datos obrantes no Padrón do Imposto sobre Bens Inmóviles: 3,30 euros
- Certificado de acordo ou resolución de órganos municipais: 3,30 euros
- Certificación que se expidan sobre datos, documentos e antecedentes de data anterior a cinco ou máis anos, devengarán un recargo por búsqueda e cotexo de datos en arquivo, por cada quinquenio ou fracción en prego: 6,60 euros.
- Documento acreditativo de inscrición-padron municipal de habitantes: 0,20 euros.
- Compulsa de documentos, polo primeira folla. 1,20 euros, follas posteriores, 0,20 euros.
- Fotocopias de documentos A4: 0,10 euros por copia.
- Fotocopias de documentos A3: 0,15 euros.
- Expedición de informes relativos á intervencións, actuacións da Policía Local petición do interesado: 7,00 euros.
- Expedición de informes relativos ou accidentes de circulación realizados pola Policía Local: 50,00 euros.
- Informacións urbanísticas: 12,00 euros.
- Bastanteo de poder ou autorización: 6,50 euros.
- Proposicións de licitadores para tomar parte en contratos administrativos: 13,20 euros.
- Por cada contrato administrativo que se suscribe: 9,90 euros.
- Dereitos de exame para participar en procesos selectivos ó personal do servizo do concello de persoal funcionario:  
Por cada grupo, A e B: 25,00 euros.  
Por cada grupo, C, D e E: 20,00 euros.

**ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS  
E BONIFICACIÓNS**

Gozarán de exención aqueles contribuíntes no que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Ter obtivo o beneficio xudicial de pobreza, respecto ós expedientes que deben surtir efecto, precisamente no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.
- Investigadores, estudantes e organizacións non gubernamentais se afán de lucro, así como os servizos prestados para prover os interesados da documentación necesaria para ter acceso a prestacións sociais. No caso de investigadores estudantes e organizacións non gubernamentais se afán de lucro acreditarase o interese, investigación ou estudo a realizar.

**ARTIGO 7º.—DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, enténdose, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles.

**ARTIGO 8º.—DECLARACIÓN E INGRESO**

1.—A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento de selo municipal achegado ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira ou a solicitude non fora expresa.

2.—Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que emende a deficiencia, polo que se requirirá ó interesad para que, no prazo de 10 días abone as cotas correspondentes co apercebimento de que transcorrido sito prao sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

**ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, a 1 de setembro de 2005.—  
O Alcalde, José Manuel Fernández Rodríguez.

2005008394

\* \* \*

**BAIONA**

**A N U N C I O**

*O Pleno deste Excmo. Concello, en sesión de 28 de xullo de 2005, aprobou a convocatoria e bases de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude e deportivas realizadas durante o exercicio do ano 2005 no concello de Baiona.*

As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin social,